

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS/ PAIS OU TITORES LELGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

O vindeiro xoves 21 de novembro celébrase neste centro a votación para a elección dos representantes dos pais/nais / titores legais do alumnado no Consello Escolar do CPI Antonio Orza Couto.

Elixiranse Un (1) representante de nais/pais/titores legais para completar os representantes deste sector. O horario de votación acordado pola xunta electoral é de **15:45h a 18:45h**.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e trala súa exposición pública regulamentaria. Poden votar ambos os dous proxenitores de cada alumno/a.

Os candidatos proclamados pola Xunta electoral para o sector de pais/nais/titores son os seguintes:

- **Mella Pazos, Beatriz**

MODO DE EMITIR O VOTO

- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector deberá acreditar a súa identidade, no momento de votar, mediante a **presentación do DNI** ou documento similar.

A mesa electoral estará constituída na **Biblioteca de Secundaria**.

- O modelos de papeletas e sobres da votación serán os fixados pola Xunta Electoral, e estarán dispoñibles no local da votación.

- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabética de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de un nome das candidatas e candidatos relacionados.

- Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, evantarase a correspondente acta.

A dirección do centro anima aos pais/nais/ titores/acolledores a participar na votación a fin de conseguir a máxima representatividade posible deste sector no Consello Escolar.

Boqueixón a 18 de novembro de 2024

O DIRECTOR

Ángel Manuel Maciñeiras Núñez

